

PROPOSTA DA DIRECCIÓN XERAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE CON CAMBIOS

Para enviar as entidades incluídas no listado de contactos

Os servizos mínimos designaranse coa mesma intensidade con que os servizos esenciais se ven atendidos nun domingo ou nun día festivo, e para o caso de que se trate de centros que permanezan absolutamente pechados tales días, atenderase ás quendas establecidas para os sábados.

No caso dos servizos de atención diúrna ocupacional e atención diúrna terapéutica nos que unicamente teñen actividade de luns a venres, terán que ter as seguinte ratios de persoal de atención directa:

Nos servizos de atención diúrna ocupacional unha ratio de persoal de atención directa de 0,10 e de 0,14 no servizo de atención diúrna ocupacional con outras discapacidades concorrentes.

Polo que respecta ao servizo de atención diúrna terapéutica, a ratio de persoal de atención directa é de 0,14 nas áreas de discapacidade intelectual, e dano cerebral adquirido e de 0,20 nas áreas de discapacidade física, parálise cerebral e trastorno do espectro autista.

Nos servizos de supervisión e apoios puntuais en equipamentos especiais é necesario garantir unha persoa coidadora por quenda.

Os centros que teñan servizo propio de comedor, deberán ter o persoal mínimo para garantir o servizo de comida.

Nos servizos de transporte de uso para a atención de usuarios de centros de atención a persoas con discapacidade manteranse como esenciais os servizos de entrada aos centros desde as 8:00 horas ata as 10.30 horas e os de saída, desde as 14.00 ata as 15:30 horas nos servizos de media estanza e desde as 16:30 a 20:00 no servizos de estanza completa.

Para enviar ao **Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Ourense:**

Os servizos mínimos son os seguintes:

- 1 médico en quenda continuada de 9:00 h. a 17:00 h.
- 1 Traballador/a social en quenda continuada de 9:00 h. a 17:00 h.
- 1 Psicólogo/a en quenda continuada de 9:00 h. A 17:00 h.
- 1 Logopeda en quenda continuada de 9:00 h. A 17:00 h.

- 1 Terapeuta ocupacional en quenda continuada de 9:00 h. A 17:00 h.
- 1 Educador/a en quenda continuada de 12:00 h. A 18:00 h.
- 1 Monitor/a en quenda continuada de 9:00 h. A 17:00 h.
- 1 Técnico de Mantemento en quenda de mañá
- 6 coidadores en quenda de mañá.
- 6 coidadores en quenda de tarde.
- 2 coidadores en quenda de noite.

Para enviar ao **Centro de Atención a Persoas con Discapacidade Souto de Leixa:**

Os servizos mínimos son os seguintes:

- 5 coidadores en quenda de mañá
- 5 coidadores en quenda de tarde.
- 4 coidadores en quenda de noite.
- 1 oficial/a primeiro/a cociña quenda de mañá.
- 1 axudante/a de cociña quenda de tarde.
- 1 limpiador/a quenda de mañá.
- 1 limpiador/a quenda de tarde.
- 1 ordenanza en quenda de mañá.
- 1 ordenanza en quenda de tarde.
- 2 monitores/as de tempo libre.
- 1 ATS/DUE en quenda de mañá.
- 1 ATS/DUE en quenda de tarde.